


*Cáritas Diocesana
Mondoñedo - Ferrol*

Estatutos

2022





EL OBISPO DE MONDOÑEDO - FERROL

DECRETO POLO QUE SE APROBAN OS NOVOS ESTATUTOS DE CARITAS DIOCESANA DE MONDOÑEDO-FERROL

DON FERNANDO GARCÍA CADIÑANOS, POLA GRAZA DE DIOS E DA SÉ APOSTÓLICA, BISPO DE MONDOÑEDO-FERROL


É cometido propio do Bispo diocesano orientar e impulsar as accións pastorais na súa Igrexa particular. Ao proclamar xunto cos presbíteros e co seu auxilio a Boa Nova da salvación, invita aos homes a vir a Cristo, camiño, verdade e vida, e alimento de vida eterna. Entre as accións pastorais está o servizo da caridade. A Igrexa diocesana, seguindo o mandato de Cristo aos apóstolos: "Dadelles vós de comer" (Lc. 9,13), debe coordinar a asistencia aos necesitados e servilos acollendo neles ao mesmo Cristo. O Bispo, como primeiro responsable da caridade, debe procurar que os diversos organismos diocesanos e parroquiais, que se ocupan dos pobres e necesitados, funcionen do mellor modo posible. Entre estes organismos, que procuran a atención aos máis pobres e necesitados e que buscan a promoción e defensa da dignidade humana, Cáritas ocupa un lugar importante e destacado na vida da Igrexa particular

Por iso, tendo en conta os novos retos e despois de ser presentados aos órganos colexiados de goberno da entidade e ser admitidos, a petición da Directora de Caritas Diocesana, polas presentes **APROBAMOS OS NOVOS ESTATUTOS DE CÁRITAS DIOCESANA DE MONDOÑEDO-FERROL.**

Así mesmo dispoñemos que estes novos Estatutos sexan publicados no Boletín Oficial do Bispado de Mondoñedo-Ferrol e entren en vigor no día da data.

Dado en Ferrol, a 20 de xuño de 2022




Fernando García Cadiñanos
Bispo de Mondoñedo-Ferrol

Por mandato da S. Excia. Rvdma.


Félix Villares Mouteira
Chanceler Secretario Xeral

PREÁMBULO

Dende as comunidades dos primeiros cristiáns púxose de manifesto a importancia da caridade como responsabilidade individual e como servizo organizado. “O amor ao próximo enraizado no amor a Deus é ante todo unha tarefa para cada fiel, pero tamén o é para toda a comunidade eclesial, e isto en todas as súas dimensións: dende a comunidade local á Igrexa particular, ata abarcar á Igrexa universal na súa totalidade... En consecuencia, o amor precisa tamén unha organización, como presuposto para un servizo comunitario ordenado... A dicir verdade, a medida que a Igrexa se estendía, resultaba imposible manter esta forma radical de comunión... Un paso decisivo na difícil busca de solucións para realizar este principio eclesial fundamental pódese ver na elección dos sete varóns, que foi o principio do ministerio diaconal (cf. Hch 6, 5-6)” (DCE 20, 21).

Sen dúbida, este servizo comunitario organizado da caridade implica distintos retos:

- *“Para a Igrexa, a caridade non é unha especie de actividade de asistencia social que tamén podería deixarse a outros, senón que pertence á súa natureza e é manifestación irrenunciábel da súa propia esencia” (DCE 25).*
- *“...Os colaboradores que desempeñan na práctica o servizo da caridade na Igrexa... deixaranse guiar pola fe que actúa polo amor (cf. Ga 5, 6). Serán, pois, persoas movidas ante todo polo amor de Cristo, persoas cuxo corazón foi conquistado por Cristo co seu amor, espertando neles o amor ao próximo” (DCE 33).*
- *“Xunto ao ben individual, hai un ben relacionado co vivir social das persoas: o ben común. É o ben dese «todos nós», formado por individuos, familias e grupos intermedios que se unen en comunidade social... Ámase ao próximo tanto máis eficazmente, canto máis se traballa por un ben común que responda tamén ás súas necesidades reais” (CV 7).*

Na Diocese de Mondoñedo-Ferrol, fai cincuenta anos, instituíuse Cáritas Diocesana. A súa tarefa era promover, coordinar, potenciar e orientar este exercicio da caridade organizada nesta Diocese. A situación social que vivimos, o desenvolvemento que ao longo destes anos véñense realizando, a complexidade institucional que debemos afrontar fai que agora se propoña unha nova versión dos seus Estatutos. Con isto, queremos acomodar a institución á vida real tal e como se desenvolve e queremos ter ferramentas institucionais que nos permitan afrontar os retos que se nos presentan.

Con estes Estatutos recóllese de forma actualizada:

- a) A definición da identidade da institución reflectida neles.
- b) Os mecanismos de participación e corresponsabilidade das persoas que a integran, na análise dos problemas, na toma de decisións e nas tarefas que desenvolve Cáritas.
- c) A forma de organizar as relacións entre as persoas e os órganos colexiados e unipersoais de goberno.

CAPÍTULO I: NATURZA

Artigo 1. Identidade

Cáritas Diocesana de Mondoñedo - Ferrol é unha corporación pública canónica (c. 114) instituída pola Diocese de Mondoñedo – Ferrol. A tarefa específica como organismo da Igrexa é asistir ao Bispo no seu ministerio de caridade, e a de promover, coordinar, potenciar, realizar e orientar a acción caritativa e social da Igrexa no seu ámbito territorial, a fin de expresar a preferencia da Igrexa polos/as necesitados/as e favorecer a fraternidade humana, dende o amor de Cristo.

Cáritas Diocesana leva a cabo esta tarefa atendendo aos máis pobres e necesitados, promovendo accións socio-caritativas e de promoción humana e social, tendo en conta a dimensión universal da caridade mediante a cooperación internacional e axudando a promover a xustiza á luz do Evanxeo, da Doutrina Social da Igrexa e do Motu Proprio “O servizo da caridade” de Benedicto XVI (2012).

Artigo 2. Personalidade xurídica e natureza

1. Cáritas Diocesana de Mondoñedo - Ferrol (en diante, Cáritas Diocesana) está erixida canonicamente como persoa xurídica pública por Decreto Episcopal de data 8 de outubro de 1965, conforme a dereito canónico, e recoñecida civilmente mediante a súa inscrición no Rexistro de Entidades Relixiosas do Estado, de data 5 de marzo de 1981, co número 000689 (antes 249-/0-SE/C), sendo o seu NIF R1500294B. Así mesmo está inscrita no Rexistro de Entidades de iniciativa social da Comunidade Autónoma de Galicia co número 186-CO-092-K-03.
2. É unha entidade sen fins lucrativos.
3. É unha entidade de voluntariado ao amparo da Lei 45/2015 de Voluntariado en España e da Lei 10/2011 de Acción voluntaria en Galicia, que desenvolve as súas actuacións con programas de voluntariado deseñados e xestionados no marco da súa acción social e caritativa. O seu ámbito de actuación é tanto o voluntariado nacional como o voluntariado internacional de cooperación ao desenvolvemento. Sen embargo, para o bo desenvolvemento das súas finalidades, poderá contratar o persoal necesario.
4. Cáritas Diocesana rexerese polos presentes Estatutos e polo Código de Dereito Canónico (CIC), así como pola lexislación xeral da Igrexa Católica e Diocesana aplicables. Igualmente, pola lexislación civil relativa ao seu ámbito de actuación¹. En concreto, é de aplicación a Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación con carácter supletorio, e calquera outra que a actualice ou desenvolva regulamentariamente.
5. Actúa con libre iniciativa e responsabilidade propia e goza de autonomía na administración dos seus propios bens e recursos, dentro do disposto pola lexislación canónica e estes Estatutos.

¹ c. 22: *As leis civís ás que remite o dereito da Igrexa, deben observarse en dereito canónico cos mesmos efectos, en canto non sexan contrarias ao dereito divino nin se dispoña outra cousa no dereito canónico.*

Artigo 3. Cáritas, rede de organizacións

1. Cáritas Diocesana é membro de Cáritas Española, que é a Confederación oficial das entidades de acción caritativa e social da Igrexa Católica en España, instituída pola Conferencia Episcopal. E, a través de Cáritas Española, é membro de Cáritas Europa e de Cáritas Internationalis. A súa vez, forma parte de Cáritas Federadas da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela - Cáritas Federadas en Galicia.
2. Cáritas Diocesana integra a todas as Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais da Diocese. Así mesmo, favorece a colaboración con outras entidades con fins e tarefas similares que libre e voluntariamente decidan asociarse, as cales poderán formar parte dos seus órganos de goberno si son admitidas pola Asemblea Diocesana.

Artigo 4. Domicilio social

Cáritas Diocesana ten o seu domicilio social na cidade de Ferrol, rúa Magdalena, nº 221. O cambio de domicilio poderá instarse polo Consello Diocesano ou pola Asemblea, pero debe ser aprobado expresamente polo Bispo da diocese.

Artigo 5. Denominación e uso da marca Cáritas

A marca Cáritas, así como todos os seus elementos gráficos (nome, logotipo, tipografía, cor, etc.), está rexistrado e só poderá ser empregado por Cáritas Diocesana, por Cáritas Autonómica e por Cáritas Española. No ámbito da Diocese de Mondoñedo – Ferrol será o Bispo e, no seu caso Cáritas Diocesana, quen determine o seu uso por outras estruturas diocesanas. O uso e a propiedade do logotipo, o seu uso e a súa autorización farase dentro do protocolo xeral de Cáritas Española, segundo o seu Manual de Imaxe e Identidade Corporativa.

CAPÍTULO II: FINS E ACTIVIDADES

Artigo 6. Fins

1. Cáritas Diocesana ten por obxecto a realización da tarefa evanxelizadora da Igrexa mediante a acción caritativa e social na Diocese, así como promover, coordinar e instrumentar a comunicación cristiá de bens en todas as súas formas e axudar á promoción humana e ao desenvolvemento integral de toda persoa, mesmo máis alá das nosas fronteiras. O seu fin último é o anuncio do evanxeo de Xesús velando pola dignidade de cada ser humano e contribuindo á erradicación das situacións de pobreza e exclusión no mundo.
2. Máis en concreto, son fins de Cáritas Diocesana:
 - a) Acompañar ás persoas empobrecidas, loitando polos seus dereitos en clave de caridade e xustiza.



- b) Acompañar ás persoas necesitadas e loitar contra a pobreza nas súas diferentes dimensións dende:
 - b.1) o estudo da situación das persoas necesitadas e, no seu caso, a denuncia das inxustizas sociais e a proposta da acción social máis axeitada;
 - b.2) a intervención social directa e organizada cando así o requira a situación;
 - b.3) a promoción humana e o desenvolvemento integral de todas as persoas, especialmente a aquelas máis desfavorecidas;
 - b.4) a animación comunitaria, tanto do territorio como da comunidade cristiá.
- c) Defender e promover os Dereitos Humanos e favorecer as condicións para que sexan recoñecidos efectivamente.
- d) Promover e acompañar a persoas en risco de exclusión por razóns físicas, económicas, educativas ou culturais, a través de iniciativas e proxectos de intervención social. Entre os colectivos especialmente atendidos por Caritas Diocesana estarán, entre outros, as familias, as persoas maiores, os/as nenos/as, os/as mozos e as mulleres vulnerables, as persoas desempregadas ou con traballo precario, as persoas sen fogar, as persoas con dependencias ou discapacidade, as persoas migrantes, refuxiadas e/ou desprazadas, os/as reclusos/as e exreclusos, as persoas pertencentes á comunidade xitana ou outras minorías étnicas, as persoas perceptoras ou beneficiarias de rendas ou prestacións sociais, as residentes no mundo rural e calquera outro colectivo ou situación que sufra exclusión ou vulnerabilidade social.
- e) Favorecer actividades de inserción socio-laboral para as persoas máis vulnerables ou que sofren exclusión social e fomentar a economía social, mediante a promoción do emprego (a través da formación, a orientación e a intermediación) como eixo fundamental para a integración social e de recoñecemento da persoa como membro activo da sociedade.
- f) Difundir o espírito de caridade e de xustiza social, sensibilizando á sociedade e animando á comunidade cristiá nos valores da solidariedade, a participación e a austeridade, poñendo no centro da súa acción á persoa e defendendo a súa dignidade, á luz do Evanxeo e da Doutrina Social da Igrexa.
- g) Animar á tarefa das entidades da Igrexa Católica que actúan na Diocese no campo da acción caritativa e a promoción social a fin de facer realidade a Boa Nova da liberación dos/das pobres e marxinados, convertendo a vida de caridade en feito comunitario, como exigencia da misión evanxelizadora da Igrexa e da súa solicitude polas persoas necesitadas.

Artigo 7. Competencias

Caritas Diocesana utilizará cantos medios considere necesarios para o cumprimento dos fins enumerados no artigo anterior. En particular, será da súa competencia:

- a) Animar e orientar a constitución e funcionamento das Caritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais de acordo, respectivamente, cos párrocos e arciprestes.

- b) Apoiar a colaboración e coordinación das entidades eclesiais que actúan no campo caritativo – social mantendo contacto con outras Cáritas Diocesanas a través de Cáritas en Galicia e Cáritas Española, así como con outras entidades ou organismos civís.
- c) Promover o voluntariado propio, a súa formación e acompañamento.
- d) Fomentar a Cooperación Internacional ao desenvolvemento, como dimensión universal da caridade en coordinación cos Servizos Xerais de Cáritas Española, Cáritas Internationalis e outras institucións da Igrexa, así como o acompañamento de proxectos a favor dos países empobrecidos dende a cooperación fraterna coas Cáritas irmás e o impulso de actitudes de solidariedade universal e, no seu caso, con voluntariado internacional de cooperación, coherente coas necesidades de desenvolvemento doutros pobos.
- e) Desenvolver cantos programas, servizos e campañas lle sexan encomendados polo Bispo no campo da acción caritativo – social e atender ás propostas de grupos sensibles á xustiza e caridade.
- f) Participar e colaborar no desenvolvemento da pastoral de conxunto da Igrexa diocesana, seguindo as directrices da Doutrina Social da Igrexa, baixo o signo da opción preferencial das persoas pobres.
- g) Integrar o coidado da creación e da “casa común” nas súas actividades, reclamando a xustiza nas cuestións e discusións sobre protección do medio ambiente.

CAPÍTULO III: PRESIDENCIA

Artigo 8. Presidente

1. O Bispo de Mondoñedo-Ferrol é o Presidente nato de Cáritas Diocesana e a el corresponde a superior dirección da entidade. Forma parte de todos os seus órganos de goberno, nos que participa persoalmente ou por medio do Delegado/a Episcopal.
2. Son competencias propias do Bispo:
 - a) A animación da acción caritativo-social na diocese e o establecemento dos criterios e as normas de acción que estime axeitadas para as fins da institución e para a súa inserción na pastoral de conxunto diocesana, así como a aprobación das orientacións e directrices xerais de Cáritas Diocesana.
 - b) A supervisión do funcionamento da entidade, podendo convocar a todos os seus órganos de goberno cando o xulgue axeitado, así como adoptar as medidas extraordinarias que considere oportunas, dentro do previsto no ordenamento canónico.
 - c) O nomeamento directo e cese, si o estima oportuno, da persoa do Delegado/a Episcopal, Director/a, Secretario/a xeral, Administrador/a, Consiliario e demais membros do Consello Diocesano, segundo se especifica en cada un dos artigos correspondentes dos presentes Estatutos.

- d) A aprobación definitiva das propostas do Equipo Directivo, do Consello Diocesano ou da Asemblea que así o requiran.
- e) Establecer o procedemento para a revisión das contas anuais da entidade, de acordo co c. 1287 § 1² do CIC.
- f) A aprobación e reforma dos Estatutos e de cantos regulamentos os desenvolvan, unha vez escoitados o Consello e a Asemblea, así como a súa interpretación auténtica.
- g) A aprobación e reforma dos Estatutos e de cantos regulamentos os desenvolvan, unha vez escoitados o Consello e a Asemblea, así como a súa interpretación auténtica.
- h) A concesión de licenza para a realización de actos de administración extraordinaria, de acordo ao previsto no Código de dereito canónico e nestes Estatutos, así como para incoar un litixio ou contestar a unha demanda no foro civil, de acordo co c. 1288³ del CIC.
- i) A disolución, chegado o caso, de Cáritas Diocesana, escoitado o Consello Diocesano de Cáritas.

Artigo 9. Delegado/a Episcopal

1. O/A Delegado/a Episcopal representa ao Bispo, sempre que este non actúe por si mesmo, ante a Asemblea Diocesana, o Consello Diocesano, o Equipo directivo e as Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais, así como ante calquera outro órgano que puidera crearse asegurando a acción pastoral de Cáritas.
2. O/A Delegado/a Episcopal é nomeado directamente polo Bispo por un período de cinco anos, que poden ser prorrogables.
3. Exerce as funcións que determinan estes Estatutos, así como todas aquelas que o Bispo lle encomende, e en particular as seguintes:
 - a) Participar como integrante dos órganos de goberno de Cáritas Diocesana con voz e voto.
 - b) Velar pola identidade cristiá e eclesial de Cáritas Diocesana na súa acción e nos seus contidos teolóxicos e pastorais.
 - c) Manter ao Bispo informado da actividade e funcionamento de Cáritas Diocesana e transmitir aos órganos da entidade os seus criterios ao respecto.
 - d) Animar, coa persoa que ostente a Dirección, o desenvolvemento institucional de Cáritas Diocesana, asesorándolle en todos os asuntos que se lle requira.

² c. 1287 § 1. *Quedando reprobada o costume contrario, os administradores, tanto clérigos como leigos, de calquera ben eclesástico que non estea lexítimamente exento da potestade de réxime do Bispo Diocesano, deben render contas cada ano ao Ordinario do lugar que encargará da súa revisión ao consello de asuntos económicos.*

³ c. 1288 *Os administradores non deben incoar un litixio en nome dunha persoa xurídica pública, nin contestar á demanda no foro civil, sen ter obtido licencia do Ordinario propio dada por escrito.*

- e) Ostentar, xunto ao Director/a, a representación legal e institucional de Caritas Diocesana en todos os seus niveis, ante as autoridades civís, organismos públicos ou privados e outras Institucións e Asociacións que traballan no campo socio-caritativo e de promoción humana.
 - f) Velar pola integración de Caritas Diocesana na pastoral de conxunto e pola vertebración da pastoral caritativo-social diocesana. Para isto participará, en nome de Caritas, nos órganos pastorais e de goberno que o Bispo determine.
 - g) Coidar as relacións cos sacerdotes nos asuntos referidos a Caritas, por medio da asistencia ás reunións dos Arciprestados, cando proceda que alí se presenten os criterios e plans de Caritas Diocesana, ou por calquera outro medio oportuno.
 - h) Promover o voluntariado, xunto ao Director/a, así como o acompañamento e a formación inicial e permanente das persoas voluntarias e profesionais que forman parte de Caritas, especialmente na Doutrina Social da Igrexa e na vida de fe.
4. O/A Delegado/a Episcopal poderá suspender a execución dos acordos tomados por calquera órgano de Caritas na Diocese si, ao seu xuízo, deben ser referendados polo Bispo.
5. O Bispo nomeará, así mesmo, a dous sacerdotes que formen equipo co Delegado/a Episcopal, polo tempo do seu nomeamento, e lle axuden no exercicio das súas funcións.
6. O cese do/da Delegado/a Episcopal rexeráse polo art. 28 destes Estatutos.

Artigo 10. Consiliario

1. No caso de que o/a Delegado/a Episcopal non sexa sacerdote, os sacerdotes que forman equipo con el (art 9.5 destes Estatutos) exercerán como Consiliarios de forma solidaria, salvo que o Bispo considere oportuna a designación como tal doutro sacerdote.
2. Nese caso, o Consiliario é nomeado directamente polo Bispo, por un período de cinco anos, prorrogables.
3. Corresponden ao Consiliario de Caritas Diocesana as funcións seguintes:
 - a) Orientar en cantos asuntos de contido teolóxico-pastoral lle sexan solicitados e aqueles que el considere necesarios, de conformidade coa Doutrina Social da Igrexa.
 - b) Atender espiritual e relixiosamente a todas as persoas vinculadas a Caritas.
 - c) Colaborar estreitamente coas persoas do Director/a e do Delegado/a de Caritas Diocesana, asesorándolles en todos os asuntos que se lle presenten.
 - d) Calquera outra que determine o Bispo.
4. O cese do Consiliario rexeráse polo art. 28 destes Estatutos.

CAPÍTULO IV: ÓRGANOS COLEXIADOS E UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Artigo 11. Órganos colexiados

Os órganos colexiados de goberno de Cáritas Diocesana son: a Asemblea Diocesana, o Consello Diocesano e o Equipo directivo.

Artigo 12. Asemblea Diocesana

A Asemblea Diocesana, presidida polo Bispo, é o máximo órgano de goberno, de expresión e de participación social de Cáritas Diocesana, reunida para deliberar e tomar acordos vinculantes para os diferentes niveis e órganos de Cáritas na Diocese.

Artigo 13. Composición da Asemblea Diocesana

1. Xunto co Bispo, que a preside, estará composta por:
 - a) As persoas do Consello Diocesano.
 - b) Os/as Directores/as das Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais.
 - c) Unha persoa representante de cada unha das entidades asociadas a Cáritas Diocesana.
2. Poderán asistir con voz e sen voto os demais axentes de Cáritas, así como outras persoas convidadas polo/a Directora/a.

Artigo 14. Funcións da Asemblea Diocesana

- a) Establecer criterios, programas de acción e orientacións prácticas para os diferentes niveis de Cáritas na Diocese.
- b) Aprobar a memoria social anual da entidade e aprobar os criterios para os programas e os orzamentos para o próximo período.
- c) Solicitar aos Servizos Diocesanos a presentación de informes sociais de análise da realidade e de desenvolvemento de programas específicos que avalíen a situación social e detallen as necesidades sociais concretas en cada un dos ámbitos e territorios de actuación de Cáritas Diocesana.
- d) Velar pola xestión económica transparente, o emprego axeitado dos recursos e a sostibilidade económica de Cáritas.
- e) Aprobar os criterios das campañas de sensibilización e captación de fondos.

- f) Ratificar os acordos que, por razóns de urxencia, teña adoptado o Consello Diocesano e sexan competencia da Asemblea.
- g) Aprobar a admisión de novos membros de Cáritas Diocesana, a proposta do Consello Diocesano.
- h) Elevar ao Bispo a proposta de modificación de Estatutos, de acordo co art. 47 destes Estatutos.

Artigo 15. Funcionamento e réxime de sesións

1. As sesións da Asemblea Diocesana serán presididas polo Bispo e serán dirixidas pola persoa que ostenta a Dirección de Cáritas Diocesana e actuará de secretario/a a persoa que ostente a Secretaría Xeral.
2. As reunións ordinarias e extraordinarias celebraranse presencialmente, podendo realizarse telematicamente cando as circunstancias o requiran. Reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano convocada por o/a Director/a, e con carácter extraordinario sempre que a convoque o Bispo, pola propia iniciativa ou a proposta do Consello Diocesano, si o estima adecuado. Para a validez dos acordos, a Asemblea Diocesana considerárase constituída cando están presentes a metade máis un dos membros.
3. As convocatorias da Asemblea enviaraas o/a Secretario/a Xeral, detallando a Orde do día. Farase cando menos con quince días de antelación nas reunións de carácter ordinario e con sete nas extraordinarias.
4. Os acordos e decisións adoptaranse por maioría absoluta (a metade máis un) dos votos acreditados na Asemblea, tanto presenciais como delegados, seguindo o procedemento establecido no c. 119⁴ do CIC.
5. Levantarase acta, por parte do/da Secretario/a Xeral, de todos os acordos e conclusións da Asemblea, para a súa aprobación na seguinte.
6. Os membros con dereito a voto que están ausentes, poderán delegar a representación noutros membros da Asemblea ou noutros membros dos seus equipos de Cáritas Arciprestal e Parroquial, non podendo estes acumular máis de tres votos delegados.
7. Poderán facerse presentes na Asemblea aquelas persoas que sexan convidadas polo/la Directora/a ás sesións por razón de información ou outros motivos de interese, sen que teñan dereito a voto.

⁴ c. 119: Respecto aos actos colexiais, mentres o dereito aos estatutos non dispoñan outra cousa:

1. cando se trata de eleccións, ten valor xurídico aquilo que, estando presente a maioría dos que deben ser convocados, apróbase por maioría absoluta dos presentes; despois de dous escrutinios ineficaces, farase a votación sobre as dúas candidaturas que obtivesen maior número de votos, ou si son máis, sobre os dous de máis idade; despois do terceiro escrutinio, si persiste o empate, queda elixido o de máis idade;

2. cando se trate doutros asuntos, é xuridicamente válido o que, estando presente a maior parte dos que deben ser convocados, se aprobe por maioría absoluta dos presentes; si despois de dous escrutinios persistira a igualdade de votos, o presidente pode resolver o empate co seu voto.



Artigo 16. Consello Diocesano

O Consello Diocesano é o órgano permanente de goberno de Caritas Diocesana, presidido polo Bispo. Velará polo cumprimento dos acordos da Asemblea, así como pola xestión, o desenvolvemento e a coordinación das actividades de Caritas Diocesana.

Artigo 17. Composición do Consello Diocesano

1. Xunto co Bispo, que o preside, estará composto por:
 - a) O/A Delegado/a Episcopal.
 - b) O/A Director/a.
 - c) O/A Secretario/a Xeral, que actuará de secretario/a.
 - d) O/A Administrador/a.
 - e) Unha persoa representante das Cáritas de cada arciprestado.
 - f) Os dous sacerdotes que forman equipo co/coa Delegado/a Episcopal e o Consiliario se houbese.
 - g) Unha persoa representante das entidades asociadas a Caritas Diocesana.
2. A pertenza ao Consello non dará dereito a ningún tipo de retribución, salvo a compensación dos gastos de desprazamento acorde coa normativa de voluntariado. No caso de que algún dos seus membros formen parte do persoal contratado da entidade, percibirá a súa remuneración exclusivamente de acordo co seu contrato de traballo e en ningún caso pola súa pertenza aos órganos colexiados de goberno da entidade.
3. Todas as persoas do Consello teñen que aceptar a natureza e obxectivos de Caritas, comprometéndose a desempeñar as súas funcións de acordo coa identidade da institución e a retirarse dela en caso de non poder garantir o respecto á súa identidade e natureza. Subscribirán o Código Ético e de Conduta de Caritas no momento da súa incorporación e comprometeranse ao seu cumprimento.

Artigo 18. Nomeamento e cesamento das persoas do Consello

1. As persoas do Consello Diocesano serán designados por un período de cinco anos, que poden ser prorrogables. A designación realizarase polos seguintes procedementos:
 - a) O/A Delegado/a será nomeado/a directamente polo Bispo.
 - b) O/A Director/a será nomeado polo Bispo, previa proposta dunha terna por parte do Consello.
 - c) O/A Secretario/a Xeral e o/a Administrador/a serán nomeados polo Bispo, a proposta do/da Director/a, escoitado o Consello Diocesano.

- d) As persoas representantes de cada Arciprestado, serán nomeados polo Bispo a proposta do/da Directora/a consultados mediante votación os/as Directores/as das Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais correspondentes.
 - e) Os dous sacerdotes que formen equipo co/coa Delegado/a Episcopal serán nomeados directamente polo Bispo.
 - f) A persoa representante das entidades asociadas a Cáritas será nomeado polo Bispo a proposta do/da Delegado/a Episcopal, unha vez consultados os/as representantes das entidades asociadas.
2. O cesamento dos/das conselleiros/as producirase:
- a) Polo transcurso do período para o que foron nomeados/as.
 - b) Por causar baixa na representación ou cargo que ostenta e polo cal foi elixido/a.
 - c) Por renuncia propia, aceptada polo Bispo, ou por revogación do seu nomeamento por parte do Bispo.
 - d) Por falecemento ou incapacidade para exercer o seu servizo.
 - e) Pola non asistencia ás convocatorias por máis dun ano sen causa xustificada.
 - f) Por incompatibilidade ao tomar posesión dun cargo público de carácter político ou de responsabilidades nun partido político ou sindicato.

Artigo 19. Funcións do Consello Diocesano

- a) Estudar as orientacións xerais da Institución, de acordo coas indicacións do Bispo e cos Plans pastorais da Diocese.
- b) Impulsar a integración da acción caritativo - social na pastoral da Diocese.
- c) Tomar as decisións que estime necesarias de carácter ordinario e extraordinario para o desenvolvemento de Cáritas na Diocese e para a promoción das súas actividades.
- d) Concretar, para a súa aplicación, e velar polo cumprimento dos acordos e decisións da Asemblea Diocesana.
- e) Aprobar o orzamento e plans de actuación de cada exercicio anual a proposta do Equipo directivo, antes de finalizar o exercicio precedente.
- f) Aprobar dentro do prazo legal as contas anuais correspondentes ao exercicio anterior, unha vez formuladas polo Administrador/a co visto bo do/da Director/a, e entregarllas ao Bispo para a súa revisión conforme a dereito.
- g) Autorizar a realización de Actos de administración extraordinaria, para os que se ten que pedir a licenza ao Bispo diocesano, de acordo co artigo 32 destes Estatutos e a lexislación civil e canónica aplicable.
- h) Establecer a orde do día e a dinámica de traballo das reunión da Asemblea Diocesana.
- i) Propoñer á Asemblea Diocesana as modificacións dos Estatutos que estime adecuadas.
- j) Propoñer ao Bispo unha terna para o nomeamento de Director/a.

- k) Aprobar a supresión ou constitución dalgún dos programas e servizos de Caritas Diocesana.
- l) Determinar os criterios de contratación que deben seguirse na entidade e fixar a ratio de persoal contratado.
- m) Promover a participación do voluntariado nas accións de Caritas Diocesana así como a formación necesaria para o desempeño das súas funcións.
- n) Establecer medidas correctivas por aquelas actuacións que supoñan un incumprimento do Código de Conduta ou supoñan desprestixio, dano ou prexuízo material ou moral.

Artigo 20. Funcionamento do Consello Diocesano

1. O pleno do Consello Diocesano reunirse, convocado por o/a Director/a, catro veces ao ano, preferentemente de forma presencial ou cando non se poida, telematicamente, e cantas veces sexa a petición do Bispo, ou a solicitude dun terzo dos seus membros.
2. A convocatoria do Consello enviaraa o/a Secretario/a Xeral, detallando a orde do día. Farao cando menos con sete días de antelación para as sesións ordinarias e tres días para as extraordinarias.
3. Os acordos e decisións do Consello optaranse de acordo ao previsto no art. 15.4 destes Estatutos.
4. De cada sesión celebrada levantarase acta polo/pola Secretario/a Xeral, que será sometida á súa aprobación na seguinte.
5. Poderán facerse presentes no Consello aquelas persoas que sexan convidadas polo/pola Director/a ás sesións por razón de información ou outros motivos de interese, sen dereito a voto.

Artigo 21. Órganos unipersoais e Equipo directivo

1. Son órganos unipersoais de goberno da entidade o/a Directora/a, o/a Secretario/a Xeral, o/a Administrador/a e o/a Delegado/a Episcopal. No seu conxunto constitúen o Equipo directivo de Caritas Diocesana.
2. O Equipo directivo é o órgano executivo e de xestión, cuxa misión é executar os acordos dos Órganos Colexiados (Asemblea Diocesana e Consello Diocesano), desenvolver a programación anual da entidade en cumprimento dos seus fins e resolver os asuntos ordinarios en Caritas Diocesana.
3. O seu perfil, ademais, será o de persoas de probada traxectoria de servizo eclesial, que sexan conscientes de que desempeñan a súa función en nome da Igrexa; e con competencia no ámbito da súa tarefa, que se comprometen a levala a cabo sempre conforme a Dereito.

Artigo 22. Funcionamento do Equipo directivo

1. O Equipo Directivo reunirse presencial ou telematicamente cando menos cada quince días e con carácter extraordinario cando o decida o/a Delegado/a ou o/a Director/a. Cando, por razóns de urxencia, deba tomar algunha decisión non aprobada en Consello Diocesano, este será informado na próxima reunión.
2. De cada reunión celebrada levantarase acta polo/pola Secretario/a Xeral, que será sometida á súa aprobación na sesión seguinte.

Artigo 23. Funcións do Equipo directivo

Serán funcións e responsabilidades do Equipo directivo, en particular, as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento dos acordos da Asemblea e do Consello Diocesano.
- b) Executar a programación anual, e velar pola correcta execución dos diversos servizos, programas e proxectos de Cáritas Diocesana, así como avalialos.
- c) Establecer criterios e orientacións para os programas e proxectos de Cáritas Diocesana, así como das Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais.
- d) Resolver os asuntos ordinarios que se presenten na actividade de Cáritas Diocesana, así como tomar as decisións necesarias para o correcto funcionamento dos seus diversos servizos, programas e proxectos.
- e) Formular os criterios para os programas e a proposta de orzamentos para o próximo período, e presentalos á Asemblea Diocesana. E a partir dos mesmos detallar os orzamentos e plans de actuación de cada exercicio anual para presentar ao Consello Diocesano, para a súa aprobación.
- f) Presentar as contas anuais, pechadas a 31 de decembro, par a súa aprobación por parte do Consello Diocesano.
- g) Presentar á Asemblea Diocesana a memoria anual da entidade, para a súa aprobación.
- h) Propoñer ao Consello a Orde do día e a dinámica de traballo das reunións da Asemblea Diocesana.
- i) Designar ás persoas responsables de programas e de territorios, así como a toda persoa que teña que representar a Cáritas Diocesana en federacións, redes, plataformas.
- j) Propoñer ao Consello Diocesano a nova constitución ou a supresión dalgún dos programas e servizos de Cáritas Diocesana en función das necesidades e da situación social.
- k) Solicitar aos Servizos Diocesanos informes sociais de análise da realidade e de desenvolvemento de programas específicos que avalíen a situación social e detallen as necesidades sociais concretas en cada un dos ámbitos e territorios de actuación de Cáritas Diocesana.
- l) Elaborar, si convén, os regulamentos e normas de goberno que desenvolvan os presentes Estatutos establecendo as normas xerais de funcionamento da entidade e os seus órganos, que requirirán da aprobación do Consello diocesano para a súa entrada en vigor.

- m) Aplicar medidas correctivas por aquelas actuacións que supoñan un incumprimento do Código de conduta ou supoñan desprestixio, dano o prexuízo material ou moral para a entidade.
- n) Velar polo cumprimento de prazos de nomeamentos nos diferentes órganos de goberno, e propoñer a renovación dos mesmos.
- o) Supervisar, si houbese, a xestión das empresas de inserción de Cáritas Diocesana e outras entidades vinculadas.

Artigo 24. Consello consultivo de dirección

- 1. O Equipo directivo é axudado nas súas tarefas polo Consello consultivo de dirección, que está formado polas persoas do Equipo directivo e polos/polas vocais designados/as polo/pola Directora/a para aquelas áreas nas que se considere necesario impulsar a acción de Cáritas na Diocese. As áreas poden corresponderse con procesos esenciais (proxectos, programas...), de apoio (novas tecnoloxías para la xestión...) ou estratéxicos (comunicación, formación, implantación no territorio, financiamento privada...) de Cáritas Diocesana.
- 2. Reunirase coa periodicidade que determine o Equipo directivo.
- 3. Poderán asistir ocasionalmente ás reunións, outras persoas que, en razón dos temas a tratar, sexan consideradas necesarias.

Artigo 25. Director/a de Cáritas Diocesana

- 1. O/a Director/a de Cáritas Diocesana será unha persoa voluntaria responsable da dirección de todas as accións, centros e servizos de Cáritas na Diocese. Dirixe Cáritas Diocesana en estreita colaboración co resto das persoas do Equipo directivo, segundo os acordos dos Órganos Colexiados de goberno de Cáritas, aos que dará conta da súa xestión.
- 2. O seu nomeamento corresponde ao Bispo da Diocese, previa proposta dunha terna por parte do Consello, por un período de cinco anos, que poden ser prorrogables.
- 3. Son as súas funcións máis importantes:
 - a) Ostentar a representación legal e institucional de Cáritas Diocesana xunto o/a Delegado/a, ante todos os organismos públicos e privados.
 - b) Convocar e dirixir as reunións dos distintos órganos de Cáritas Diocesana.
 - c) Animar o cumprimento dos fins institucionais previstos nos Estatutos e velar pola execución dos acordos dos seus órganos de goberno.
 - d) Levar a cabo, a través dos departamentos e servizos de Cáritas Diocesana, as tarefas e programas que lle sexan encomendados polo Bispo, a Asemblea Diocesana e o Consello Diocesano.
 - e) Aprobar as Normas Internas necesarias para o funcionamento organizativo de Cáritas Diocesana.

- f) Impulsar, xuntamente co/coa Delegado/a, o desenvolvemento institucional de Cáritas en toda a Diocese, establecendo de mutuo acordo os criterios que deben informar o quefacer de Cáritas Diocesana.
- g) Promover, xunto ao Delegado/a, o voluntariado, así como o acompañamento e a formación inicial e permanente das persoas voluntarias e profesionais que forman Cáritas.
- h) Contratar, modificar ou rescindir o contrato, si procede, ao persoal laboral de Cáritas Diocesana segundo a lexislación vixente, dentro dos criterios e límites aprobados polo Consello, e con arranxo á lexislación laboral e canónica vixentes.
- i) Dirixir, xunto co/coa Administrador/a, a xestión financeira e patrimonial, dispoñer dos fondos, ordenar cobros e pagos, realizar os actos xurídicos que correspondan, delegar poderes a terceiros, aceptar compromisos, doazóns, legados e herdanzas que non están gravados con carga modal ou condicional e levar a cabo a adquisición, o gravame e a alleamento de inmobles, segundo os poderes recibidos para a misión encomendada, observando en todo momento a lexislación civil e a canónica, tanto xeral como particular. Así mesmo, operar nas distintas entidades bancarias facendo canto a lexislación e práctica bancaria permitan (abrir, seguir e cancelar contas correntes, de crédito, depositar valores, fondos de inversión, etc.), de forma conxunta co/coa Administrador/a. En caso de necesidade, tanto un como outro poderán delegar a súa sinatura en outro membro do Equipo directivo.
- j) Realizar os actos xurídicos que non estean atribuídos a outros órganos por estes Estatutos.
- k) Defender os bens e dereitos da institución en forma extraxudicial e xudicial, outorgando poderes ou preitos, despois de ter obtido as oportunas licencias do Ordinario.
- l) Representar a Cáritas Diocesana nas reunións de Cáritas de Galicia e en Cáritas Española.
- m) Propoñer ao Bispo, escoitado o Consello Diocesano, as persoas que deben exercer as funcións de Secretario/a Xeral e de Administrador/a.
- n) Designar ás persoas responsables das Vogalías das distintas Áreas que formen parte do Consello consultivo de dirección.

Artigo 26. Secretario/a Xeral de Cáritas Diocesana

1. A persoa do/da Secretario/a Xeral é a responsable executiva de todas as actividades de Cáritas Diocesana xunto co/coa Directora/a. Exerce a dirección executiva dos Servizos Diocesanos da sede, a xestión do persoal e a custodia e xestión dos bens, documentación e datos persoais.
2. Será nomeado polo Bispo, a proposta de Dirección, escoitado o Consello Diocesano, por un período de cinco anos prorrogables.
3. Son funcións propias do/da Secretario/a Xeral as seguintes:

- a) Apoiar e informar aos órganos de goberno da institución para garantir o bo funcionamento da mesma e colaborar no cumprimento dos seus fins, supeditando sempre a súa actuación ás normas establecidas polo/pola Director/a.
- b) Resolver os asuntos ordinarios que se presenten no funcionamento de Caritas, dando conta ao/á Director/a e ao/á Delegado/a das decisións tomadas cando se considere necesario.
- c) Actuar como secretario/a da Asemblea Diocesana, do Consello Diocesano e do Equipo directivo, levando e custodiando os rexistros e arquivos, así como a documentación.
- d) Xestionar e custodiar, de acordo cun sistema de xestión de calidade, la documentación, os rexistros administrativos e os arquivos, manter actualizado o rexistro de persoas voluntarias e velar pola protección de datos persoais en Caritas Diocesana, así como calquera outra acción esixida por unha normativa legal que poida xurdir nestes ámbitos de actuación.
- e) Levar o inventario dos bens de Caritas Diocesana, xunto co/coa Administrador/a.
- f) Certificar calquera aspecto relativo á institución, co visto bo do/da Director/a.
- g) Facer seguimento do traballo das persoas asignadas a cada unha das Áreas, Equipos ou Servizos, especialmente en relación cos aspectos económicos, administrativos, organizativos e laborais (recursos humanos), tomando as decisións necesarias no día a día e informando aos membros do Equipo directivo da súa xestión.
- h) Informar en calquera dos órganos colexiados do desenvolvemento dos programas de acción social.
- i) Coordinar a elaboración da Memoria anual de Caritas Diocesana e de outros informes sociais de análise da realidade e de desenvolvemento de programas específicos que avalíen a situación social e detallen as necesidades sociais concretas en cada un dos ámbitos e territorios de actuación de Caritas Diocesana.
- j) Asegurar que a información derivada dos programas de acción social de Caritas publíquese nos medios de difusión de Caritas.
- k) Executar aquelas outras tarefas que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno e pola Dirección, especialmente na elaboración de programas e informes.

Artigo 27. Administrador/a de Cáritas Diocesana

1. O/A Administrador/a desempeñará as funcións que lle atribúe o CIC, en particular as sinaladas nos cc. 1283, 1284 § 2 e 1286⁵. En concreto, dentro do equipo directivo é o responsable inmediato da dirección e control da contabilidade de Cáritas Diocesana, das subministracións e do inventario, así como da captación de recursos e cantos servizos referentes á Administración en xeral sexan necesarios. Exercerá as súas funcións en estreita colaboración co/coa Director/a, de acordo co art. 25 i destes Estatutos.
2. Será nomeado polo Bispo, a proposta do/da Director/a, escoitado o Consello Diocesano, por un período de cinco anos prorrogables.
3. Dentro do último trimestre de cada ano, elaborará o orzamento de ingresos e gastos do exercicio seguinte, para a súa presentación ao Consello Diocesano.
4. Realizará o peche do exercicio contable anterior dentro do primeiro trimestre de cada ano, e formulará, co visto bo do/da Director/a, as contas anuais (balance, conta de resultados e memoria) para a súa aprobación polo Consello Diocesano.
5. O/A Administrador/a velará pola custodia e axeitado emprego dos bens e donativos recibidos, para que, en todo momento, sirvan aos fins de Cáritas Diocesana e, no seu caso, se cumpra fielmente a vontade dos donantes..

Artigo 28. Cesamento de órganos unipersoais

Todos os órganos unipersoais cesarán nas súas funcións:

⁵ c. 1283 *Antes de que os administradores comecen a exercer a súa función:*

1. *deben prometer mediante xuramento ante o Ordinario ou o seu delegado que administrarán ben e fielmente;*
2. *fágase inventario exacto e detallado, subscrito por eles, dos bens inmóbles, dos bens móbiles tanto preciosos como pertencentes dalgún modo ao patrimonio cultural, e de calquera outros, coa descrición e taxación dos mesmos; e compróbase unha vez feito;*
3. *consérvese un exemplar deste inventario no arquivo da administración, e outro na da Curia; anótese en ambos calquera cambio que experimente o patrimonio.*

c. 1284 § 2. *(Todos os administradores) deben por tanto:*

1. *vixiar para que os bens encomendados a o seu coidado non perezan en modo algún nin sufran dano, subscribindo a tal fin, si fose necesario, contratos de seguro;*
2. *coidar de que a propiedade dos bens eclesiásticos se asegure polos modos civilmente válidos;*
3. *observar as normas canónicas e civís, as impostas polo fundador ou donante ou pola lexítima autoridade, e coidar sobre todo de que non sobreveña dano para a Igrexa por inobservancia das leis civís;*
4. *cobrar dilixente e oportunamente as rendas e produto dos bens, conservar de modo seguro os xa cobrados e empregalos segundo a intención do fundador ou as normas lexítimas;*
5. *pagar puntualmente o interese debido por préstamo ou hipoteca, e coidar de que o capital prestado se devolva a seu tempo;*
6. *co consentimento do Ordinario, aplicar aos fins da persoa xurídica o diñeiro que sobre do pago dos gastos e que poida ser invertido produtivamente;*
7. *levar con orde os libros de entradas e saídas;*
8. *facer contas da administración ao final de cada ano;*
9. *ordenar debidamente e gardar nun arquivo apropiado e apto os documentos e instrumentos nos que se fundan os dereitos da Igrexa ou do instituto sobre os bens; e, onde poida facerse doadamente, depositar copias auténticas dos mesmos no arquivo da curia.*

c. 1286 *Os administradores de bens:*

1. *nos contratos de traballo e conforme aos principios que ensina a Igrexa, deben observar coidadosamente tamén as leis civís en materia laboral e social;*
2. *deben pagar un salario xusto e honesto ao persoal contratado, de xeito que este poida satisfacer convintemente as necesidades persoais e dos seus.*

- a) Por finalizar o prazo para o que foi nomeado, non producindo efecto ata o momento en que o Bispo llo notifique por escrito.
- b) Por renuncia propia, aceptada polo Bispo, ou por revogación do seu nomeamento por parte do Bispo.
- c) Por falecemento ou incapacidade para exercer o seu servizo.
- d) Por incompatibilidade ao tomar posesión dun cargo público de carácter político ou de responsabilidade nun partido político ou sindicato.

CAPÍTULO V: PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. Capacidade económica

1. En virtude da súa personalidade xurídica, Cáritas Diocesana é suxeito capaz de adquirir, reter, administrar e transferir bens, segundo a norma xurídica (cf. c. 1255).
2. Os bens de Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol son bens eclesiásticos (cf. c. 1257), se rexen polas disposicións do Libro V do Código de Dereito Canónico e por estes Estatutos, e constitúen un patrimonio autónomo destinado aos seus fins específicos.
3. O patrimonio de Cáritas Diocesana estará composto por:
 - a) Os bens mobles e inmobles que estean a seu nome ou veña posuíndo como propios.
 - b) Os bens de calquera clase que adquira a título oneroso ou gratuito, en especial os procedentes de doazóns, herdanzas ou legados que se fagan a seu favor. de fundacións pías non autónomas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados e, en xeral, calquera outros ingresos de orixe privada ou pública que se destinen a Cáritas Diocesana, para a consecución dos seus fins.
4. Fontes de financiamento:
 - a) As doazóns, subscricións, subvencións, herdanzas, legados, usufrutos e en xeral, calquera ingreso de orixe privada tanto de persoas físicas como de colaboracións de empresas, así como subvencións procedentes de entidades públicas, que se destinen a Cáritas Diocesana para a consecución dos seus fins.
 - b) A Colecta do Día de Caridade e cantas outras colectas ou campañas se establezan para fins determinados, segundo os criterios establecidos no Consello Diocesano.
 - c) As rendas dos bens patrimoniais así como os de calquera outro tipo de que poida dispoñer así como as producidas polos seus propios servizos.
 - d) O patrimonio neto dos seus programas e servizos.

- e) As achegas da Diocese, das Cáritas Parroquiais, Arciprestais/Unidades Pastorais e das Asociacións que participen en Cáritas Diocesana.
- f) As achegas do Fondo Interdiocesano de Cáritas Española e outros ingresos ou subvencións que esta entidade estableza.
- g) Cáritas Diocesana pode levar a cabo actividades económicas de carácter mercantil ordenadas dentro dos fins de interese xeral de Cáritas (tendas de comercio xusto, empresas de inserción, tendas e reciclaxe de roupa de segunda man, de itinerarios de inserción, formación de educadores e técnicos sociais, servizos de atención a maiores, etc...).
- h) Calquera outro licitamente adquirido.

Artigo 30. Consello consultivo de Asuntos Económicos de Cáritas Diocesana

1. O/A Administrador/a é axudado no cumprimento da súa función polo Consello de Asuntos Económicos de Cáritas Diocesana, que é un órgano puramente consultivo de carácter interno.
2. O Consello de Asuntos Económicos de Cáritas Diocesana estará formado por:
 - a) O/A Administrador/a.
 - b) Unha ou dúas persoas con recoñecida experiencia no ámbito financeiro e/ou contable designadas por Dirección.
 - c) Unha persoa en representación da Administración Diocesana, designado/a polo Bispo.
 - d) Unha persoa en representación das Cáritas parroquiais/Unidades pastorais, elixido/a polo Consello.
 - e) O/A técnico/a de administración, que actuará como secretario.
3. O/A Administrador/a encargarse de convocar periodicamente este Consello para informarlle dos asuntos da administración, e solicitará o seu parecer para a execución das súas funcións. En particular, será escoitado na elaboración do orzamento, e no peche contable do exercicio.

Artigo 31. Actos de Administración ordinaria

1. Cáritas Diocesana funcionará en réxime de orzamentos, debendo coincidir o exercicio económico co ano natural, de modo que o balance pecharase o 31 de decembro de cada ano.
2. A xestión económica de Cáritas Diocesana realizarase con suxeición ao Plan Xeral de Contabilidade de entidades sen fins lucrativos de acordo co orzamento anual aprobado segundo o previsto nestes Estatutos. Todos os actos de administración previstos

expresamente no orzamento anual terán a consideración de actos de administración ordinaria.

Artigo 32. Actos de Administración extraordinaria

1. Considéranse Actos de administración extraordinaria os non engadidos no orzamento anual, segundo os límites que determine o Consello Diocesano, así como todos aqueles que modifican substancialmente ou poden supoñer un risco notable para o patrimonio da institución, de acordo cos cc. 1281, 1291 e 1295 do CIC⁶.
2. Para a válida realización de actos de administración extraordinaria, o/a Administrador/a de Cáritas Diocesana debe obter a autorización escrita do Bispo (cf. c. 1281), previo parecer favorable do Consello Diocesano e escoitado o Consello consultivo de Asuntos Económicos da entidade.
3. En particular, terán tal consideración os actos que supoñan un risco significativo para o patrimonio, considerando entre estes:
 - a) A inversión de diñeiro e os cambios nas inversións xa realizadas, sempre que supoñan alteración notable na natureza ou na cantidade dos bens que se inverten.
 - b) O arrendamento de inmobles pertencentes a Cáritas Diocesana, salvo que formen parte dun programa de acción social.
 - c) A alleamento de bens cuxo valor sexa superior á cantidade que se determine polo Consello Diocesano de Cáritas, coa ratificación do Bispo Diocesano.
 - d) No caso de que dito valor se atope dentro dos límites mínimo e máximo fixados pola Conferencia Episcopal Española, deberá haber xusta causa e unha taxación da cousa que se vai allear, feita por peritos e por escrito (cf. c. 1293). Previa á autorización do Bispo requirirase o consentimento do Consello Diocesano de Asuntos Económicos e do Colexio de Consultores (cf. c. 1292⁷)

⁶ c. 1281 § 1. *Quedando firmes prescricións dos estatutos, os administradores realizan inválidamente os actos que exceden os límites e o modo da administración ordinaria, a non ser que obtivesen previamente autorización escrita do Ordinario.*

§ 2. *Debe determinarse nos estatutos que actos exceden o límite e o modo da administración ordinaria; e si os estatutos non prescriben nada sobre esta cuestión, compete ao Bispo Diocesano, escoitado o consello de asuntos económicos, determinar cales son estes actos para as persoas que lle están sometidas.*

c. 1291 *Para allear validamente bens que por asignación lexítima constitúen o patrimonio estable dunha persoa xurídica pública e cuxo valor supera a cantidade establecida polo dereito, requírese licencia da autoridade competente conforme a dereito.*

c. 1295 *Os requisitos establecidos nos cc. 1291-1294, aos que tamén se deben acomodar os estatutos das persoas xurídicas, deben observarse non só nas allear, senón tamén en calquera operación da que poida resultar prexudicada a situación patrimonial da persoa xurídica.*

⁷ c. 1292 § 1. *Quedando a salvo o prescrito no c. 638 § 3, cando o valor dos bens cuxa alleación se propón, está dentro dos límites mínimos e máximo que fixe cada Conferencia Episcopal para a súa respectiva rexión, a autoridade competente determinase polos propios estatutos, si se trata de persoas xurídicas no suxeitas ao Bispo Diocesano; pero, si lle están sometidas, é competente o Bispo Diocesano, co consentimento do consello de asuntos económicos e do colexio de consultores así como o dos interesados. O Bispo Diocesano precisa tamén o consentimento dos mesmos para allear bens da diocese.*

§ 2. *Si se trata, en cambio, de bens cuxo valor é superior á cantidade máxima, ou de exvotos doados á Igrexa, ou de bens preciosos por razóns artísticas ou históricas, requírese para a validez da alleación tamén a licencia da Santa Sede.*

§ 3. *Si a cousa que se vai a allear é divisible, ao pedir a licencia para a alleación deben especificarse as partes anteriormente alleadas; do contrario, é inválida a licencia.*

§ 4. *Quen deben intervir na alleación de bens co seu consello ou o seu consentimento, non deben dalos si antes non se lles informou exactamente, tanto da situación económica da persoa xurídica cuxos bens se desexa allear, como das alleacións realizadas con anterioridade.*

- e) No caso de que se supere o límite máximo fixado pola Conferencia Episcopal, requirírase licenza da Santa Sede, conforme a dereito (cf. c. 1292).
- f) A aceptación de doazóns, ofrendas, herdanzas ou legados que estén gravados cunha carga modal ou unha condición (cf. c. 1267 § 2⁸).

Artigo 33.- Responsabilidade da entidade sobre actos inválidos

Cáritas Diocesana non responderá dos actos de administración realizados inválidamente polas persoas do Equipo Directivo, a non ser que teñan reportado algún beneficio ou proveito para a entidade. Aínda neste suposto, a responsabilidade de Cáritas Diocesana limitarase exclusivamente á medida de dito beneficio ou proveito.

Artigo 34. Réxime económica doutras entidades asociadas

As entidades asociadas deberán contribuír á comunicación cristiá de bens, e igualmente poderán beneficiarse, segundo os acordos da Asemblea.

CAPÍTULO VI: ORGANIZACIÓN INTERNA DE CÁRITAS DIOCESANA

Artigo 35. Os Servizos Diocesanos e os programas de Cáritas

1. Os Servizos Diocesanos están compostos por aquelas estruturas que dan soporte á totalidade da acción de Cáritas. Inclúen os órganos directivos e aqueles programas transversais que contribúen ao desenvolvemento xeral e á animación do territorio: administración e xestión, formación, voluntariado, sensibilización e comunicación.
2. Cáritas Diocesana concreta as súas accións socio-caritativas mediante proxectos e programas de actuación, que acompañan a persoas e colectivos, atendendo ás súas necesidades e promovendo o seu desenvolvemento humano integral. Son un instrumento para orientar, coordinar e desenvolver de xeito eficaz a acción caritativa e social. A súa razón de ser está en función do exercicio da caridade estruturada e organizada de acordo sempre coa realidade social e humana, e como un servizo á actividade que desenvolven as Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais, e Arciprestais na nosa Diocese.
3. Cada programa ou proxecto impulsado dende os Servizos Diocesanos deberá coordinarse co resto de proxectos e territorios segundo a estrutura e forma que o Equipo directivo vexa axeitado en cada momento.

⁸ c. 1267 § 2. *Non poden rexeitarse sen causa xusta as oblacións de que trata o § 1, nin as cousas de maior importancia sen licencia do Ordinario cando se trata dunha persoa xurídica pública; requírese a mesma licencia para aceptar as que estean gravadas por una carga modal ou unha condición, quedando firme o prescrito no c. 1295.*

4. Ao fronte da Acción Social, o/a Director/a poderá nomear, de acordo co Equipo directivo, unha persoa ou varias persoas encargadas das seguintes tarefas:
- a) Supervisar o traballo desenvolvido en cada programa ou servizo e a súa axeitada comunicación e colaboración.
 - b) Acompañar e organizar a vertebración territorial da intervención social de Cáritas en toda la Diocese.
 - c) Vertebrar a coordinación social coas diferentes Administracións e entidades que traballan na acción social.
 - d) Propoñer a organización da acción social de Cáritas Diocesana tendo en conta a realidade de exclusión da Diocese.
 - e) Realizar cantos informes sociais de análise da realidade e de desenvolvemento de programas específicos que avalíen a situación social e detallen as necesidades sociais concretas en cada un dos ámbitos e territorios de actuación de Cáritas Diocesana. Así como os informes necesarios para a obtención e xustificación de recursos e para a elaboración da Memoria Anual e comunicación interna ou externa.
 - f) Calquera outra función ou responsabilidade encomendada concretamente polo/pola Director/a e/ou Delegado/a Episcopal.

CAPÍTULO VII: CÁRITAS NA DIOCESE

Artigo 36. Cáritas nas Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais

As Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais ou outra organización da que se dotase a Diocese son parte integrante de Cáritas Diocesana co fin de promover e coordinar a acción caritativa e social no ámbito das Parroquias e Arciprestados da Diocese. A acción de Cáritas desenvólvese a través destas. As Cáritas Arciprestais constitúense ao servizo das Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais do seu ámbito.

Artigo 37. Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral: natureza e composición

1. O primeiro núcleo da acción de Cáritas é Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral ou outra organización da que se dotase a Diocese. As Cáritas de Unidades Pastorais equipáranse en todo ás Cáritas Parroquiais. Toda Parroquia/Unidade Pastoral debe promover a dimensión socio-caritativa e estar vinculada a Cáritas.
2. Cáritas Parroquial/Unidade Parroquial, ademais dos fins xerais, debe atender, ante todo, ás persoas en situación de pobreza da súa comunidade, tendo en conta as esixencias da caridade cristiá e as orientacións da Asemblea Diocesana.

3. Cáritas Parroquial/Unidade Parroquial debe estar inserta na vida da comunidade e manter coordinación co resto das Cáritas.
4. Actuará de acordo cos fins, obxectivos e prioridades adoptadas na Asemblea Diocesana.
5. Cáritas Diocesana ratificará a constitución da Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral para a súa integración no conxunto de Cáritas da Diocese.

Artigo 38. O Equipo de Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral

1. O Equipo de Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral estará formado polo Párroco (ou persoa delegada) e as persoas da comunidade cristiá que desexen participar no exercicio organizado da caridade.
2. De acordo co párroco, entre as persoas do equipo distribuiranse as funcións de Director/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vogais dos distintos servizos que tivera a Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral (acollida, emprego, apoio socio-educativo para familias, comunicación, cooperación internacional, persoas maiores, persoas migrantes...).
3. Reunirase con carácter ordinario ao menos unha vez ao mes, e de modo extraordinario sempre que o Párroco ou o/a Director/a o estimen oportuno.

Artigo 39. Funcións do Equipo de Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral

1. Procurar a incorporación da acción caritativo-social á vida e á pastoral da Parroquia/Unidade Pastoral.
2. Facilitar á comunidade parroquial o coñecemento das realidades de pobreza e exclusión social e das súas causas, a través de estudos, informes e comunicacións elaborados en diálogo con Cáritas Diocesana.
3. Promover a incorporación e a formación inicial e continua das persoas voluntarias.
4. Impulsar a comunicación cristiá de bens.
5. Promover, en diálogo con Cáritas Diocesana, cantos servizos se consideren necesarios para apoiar a promoción humana, o desenvolvemento integral e a inserción social das persoas en situación de pobreza e axudar especialmente ás persoas máis necesitadas.
6. Presentar ao Consello Pastoral Parroquial as accións que, no ámbito da acción socio-caritativa, se están a desenvolver e as iniciativas que se queren impulsar.
7. Remitir a Cáritas Diocesana o programa e orzamento anual, así como as contas dos seus ingresos, gastos e memoria social anual, co fin de incorporalos á memoria anual de Cáritas Diocesana.
8. Velar pola xestión económica transparente, o uso axeitado dos recursos e buscar a sustentabilidade económica de Cáritas.

Artigo 40. Cáritas Arciprestal

1. Cando a realidade das Cáritas Parroquiais/Unidade Pastoral dun territorio determinado o requira poderase constituír unha Cáritas Arciprestal.
2. Corresponde ao Arcipreste impulsar a creación do Equipo de Cáritas Arciprestal cunha organización similar á indicada para as Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais no art. 38 destes Estatutos.
3. As funcións serán equivalentes ás indicadas para as Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais no art. 39 destes Estatutos.

Artigo 41. Réxime económico das Cáritas Parroquiais/Unidade Pastoral e Arciprestais

1. Os recursos económicos de Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais serán os seguintes: doazóns, colectas e campañas, e calquera ingreso que se destine ás citadas Cáritas para a consecución dos seus fins.
2. As Parroquias/Unidades Pastorais que constitúen unha Cáritas Arciprestal, en diálogo con Cáritas Diocesana, velarán polo sostemento da mesma para o cumprimento das súas funcións.
3. Os servizos que se puideran promover dende Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e Arciprestais financiaranse dende as propias Cáritas Parroquiais/Unidades Pastorais e/ou Arciprestais cos seus recursos económicos e, subsidiariamente, dende Cáritas Diocesana sempre que estean convenientemente autorizados.
4. As Cáritas Parroquiais/Unidade Pastoral e Arciprestais funcionarán en réxime de orzamento, debendo coincidir o exercicio co ano natural..

CAPÍTULO VIII: VOLUNTARIADO

Artigo 42.- O voluntariado na acción de Cáritas

1. A acción de Cáritas desenvólvese en gran parte por persoas voluntarias, que como animadoras da acción socio-caritativa da Igrexa e mediante un compromiso responsable, prestan o seu servizo a favor das persoas en situación de pobreza seguindo os criterios do Evanxeo e da Doutrina Social da Igrexa.
2. Ao traballo de Cáritas teñen acceso todo tipo de persoas como colaboradores/as voluntarios/as, sempre que respecten a finalidade e identidade da Institución. Cáritas aplicará en cada momento os criterios de selección e adecuación de cada persoa á tarefa.
3. O voluntariado estará suxeito ás estipulacións legais que se deben de aplicar a todas as persoas voluntarias.

4. Cáritas Diocesana promoverá itinerarios educativos para a formación do voluntariado, que teñan en conta o seu proceso de crecemento persoal, o cultivo da interioridade e a espiritualidade, e a identificación co modelo de acción social e valores de Cáritas.

Artigo 43.- Perfil da persoa voluntaria

O voluntario/a de Cáritas é unha persoa que:

- a) Vive a caridade como algo inseparable da xustiza e a loita pola defensa dos dereitos humanos, segundo a misión da Institución e as orientacións da xerarquía eclesíastica.
- b) Comprométese de xeito desinteresado e gratuíto a poñer as súas capacidades e o seu tempo libre ao servizo das necesidades da sociedade.
- c) Sabe acoller ás persoas con respecto á súa liberdade individual e esperta nelas a capacidade de axudarse a si mesmas.
- d) É capaz de establecer unha boa relación e traballar en equipo.
- e) Asume tarefas axeitadas ás súas aptitudes, posibilidades e preparación.
- f) Está disposto/a a actualizar súa formación, coidando de forma privilexiada a “formación do corazón” e a modificar os seus modelos de acción para o mellor desenvolvemento das súas intervencións.
- g) Coñece a identidade da súa acción voluntaria.

Artigo 44.- Dereitos da persoa voluntaria

Os dereitos da persoa voluntaria de Cáritas son:

- a) Ser membro activo da estrutura de Cáritas de acordo con este Estatuto, os criterios da Institución e a identidade de Cáritas.
- b) Ser acollida, acompañada e informada sobre a Institución.
- c) Ser formada axeitadamente para as tarefas que vaia realizar e para un maior crecemento persoal e social dende o Modelo de Acción Social de Cáritas.
- d) Ser orientada cara as actividades para as que reúne mellores condicións.
- e) Participar na execución e avaliación dos proxectos.
- f) Ser acompañada na actividade coa axuda do equipo técnico.
- g) Estar asegurada ante posibles riscos ao realizar a tarefa.
- h) Ser tratados os seus datos persoais confidencialmente, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos.

Artigo 45- Deberes da persoa voluntaria

Os deberes da persoa voluntaria de Cáritas son:

- a) Aceptar a natureza e obxectivos da Institución desenvolvendo as liñas as fundamentais que conforman a identidade das accións de Cáritas, especialmente o seu Modelo de Acción Social.
- b) Prepararse para a acción, avaliala e reorientala si fose preciso.
- c) Ser solidaria e responsable en virtude do establecido no Código ético e no Código de Conduta de Cáritas.
- d) Cumprir con dilixencia e de forma ordenada os compromisos adquiridos de acordo coas súas aptitudes e posibilidades, e seguindo a metodoloxía, o estilo e os programas de Cáritas, incluíndo a preparación, o desenvolvemento e a avaliación da acción correspondente.
- e) Traballar en equipo coordinadamente con outras persoas.
- f) Respetar a confidencialidade na información recibida con motivo da realización das tarefas de voluntariado.
- g) Participar nas actividades formativas establecidas por Cáritas.
- h) Utilizar debidamente a credencial e distintivos de Cáritas.
- i) Retirarse, por iniciativa propia ou a proposta de Cáritas, da acción voluntaria cando non se garanten o respecto aos códigos e finalidades de Cáritas.

Artigo 46.- Relación Cáritas-persoa voluntaria

1. A relación entre Cáritas e a persoa voluntaria non é de tipo laboral, dado o carácter de gratuidade que o voluntariado implica. O compromiso é de natureza moral e a súa relación é de respecto e confianza.
2. A incorporación á Institución é gradual, a medida que a persoa voluntaria vai capacitándose para a tarefa que asume, que sempre debe estar á medida das súas posibilidades reais e da súa preparación.
3. Cumpriranse os protocolos recollidos na Lei do voluntariado vixente no ámbito estatal e/ou autonómico.

CAPÍTULO IX: MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 47. Modificación dos Estatutos

1. Os Estatutos poderán ser modificados polo Bispo por propia iniciativa ou a proposta do Consello Diocesano, escoitada la Asemblea Diocesana.

2. A proposta de modificación dos Estatutos poderá partir do Equipo directivo, dun terzo das persoas membros do Consello Diocesano ou de dous terzos da Asemblea Diocesana. Para a súa presentación ao Bispo requirirase a maioría de dous terzos dos votos do Consello.

CAPÍTULO X: DISOLUCIÓN DE CÁRITAS E DESTINO DOS BENS

Artigo 48. Disolución de Cáritas

Cáritas Diocesana, pola súa propia natureza, ten unha duración indefinida. Non obstante, poderá disolverse nos supostos previstos na lexislación canónica e cando o decida o Bispo, escoitado o Consello Diocesano.

Artigo 49. Destino dos bens

En caso de disolución de Cáritas Diocesana, o Consello nomeará, de entre os seus membros, unha Comisión Liquidadora. Os bens resultantes da liquidación, unha vez atendida todas as obrigas, pasarán a disposición do Bispo para a súa utilización nos mesmos fins de carácter caritativo e social.

Disposicións adicionais

Calquera norma ou regulamento que, con posterioridade á aprobación dos presentes Estatutos, fose proposto por unha Cáritas Parroquial/Unidade Pastoral ou Arciprestal, deberá adaptarse ao presente texto legal e ser aprobado polo Consello Diocesano.

Disposición derogativa

Quedan derogados todos os preceptos de anteriores Estatutos e/ou regulamentos de Cáritas Diocesana, así como de Cáritas Parroquiais/Unidade Pastoral e Arciprestais.